

# Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 10 de outubro de 2018

## Asistentes

### *Equipo decanal:*

Bergareche Gros, Almudena  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Pazos Pérez, Alexandre  
Torres Pérez, Francisco J.

### *PDI A:*

Aneiros Pereira, Jaime  
Arias Martínez, M<sup>a</sup> Antonia  
Bravo Bosch, M<sup>a</sup> José  
Cal Bouzada, María Isabel  
Costas Comesaña, Julio  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernandez Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
Fuenteseca Degeneffe, Margarita  
García Mosquera, Marta  
Grande Seara, Pablo  
Ibáñez Paz, Regina  
Loveira Pazó, Rosa M<sup>a</sup>  
Manzano González, Baltasar  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Martínez Táboas, María Teresa  
Martínez Yáñez, Nora  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Orge Míguez, José Carlos  
Pita Grandal, Ana María  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Varcárcel Fernández, Patricia

### *PDI B:*

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Movilla Pateiro, Laura

### *Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:*

Durán Chapela, Daniel  
Fernández Romero, Daniel  
Farto Piay, Tomás  
Larencja Plaga, Karolina  
Louredo Casado, Sara  
Martín Sevillano, Koldo  
Rivera González, Paula  
Riquelme Vázquez, Pablo

## Escusan a súa ausencia:

Fernández Acevedo, Rafael  
Ferrero Martínez, M<sup>a</sup> Dolores  
García Mosquera, Marta  
Pillado González, M<sup>a</sup> Esther

O 10 de outubro de 2018, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 12:38 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 10 de xullo de 2018.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, do Modelo do Plan de acción tutorial anual para o curso académico 2018-2019.
4. Aprobación, se procede, dos Informes de accións de coordinación do curso académico 2017/2018 das seguintes titulacións:
  - Grao en Dereito.
  - Grao en Relacións laborais e recursos humanos.
  - Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social
  - Mestrado en Xestión e dirección laboral.
  - Mestrado en Avogacía de Pontevedra e Vigo.
5. Aprobación, se procede, dos Informes de Plan de acción tutorial do curso académico 2017/2018 das seguintes titulacións:
  - Mestrado en Xestión e dirección laboral.
  - Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.
  - Mestrado en Avogacía de Pontevedra e Vigo.
6. Aprobación, se procede, do criterio de asignación das prácticas externas curriculares no Grao en Dereito e no Grao en Relacións laborais e recursos humanos do curso 2017/2018.
7. Aprobación, se procede, do Plan operativo de información pública da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
8. Aprobación, se procede, do Plan de promoción do centro do curso académico 2017/2018.
9. Aprobación, se procede, do documento Política e obxectivos de calidade para o curso académico 2018-2019.
10. Aprobación, se procede, do calendario das probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros.
11. Aprobación, se procede, dos temarios das probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros.
12. Aprobación, se procede, das Guías docentes do Mestrado en Xestión e dirección laboral do curso académico 2018-2019.
13. Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2018/2019.
14. Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2018/2019.
15. Aprobación, se procede, dos nomeamentos da Coordinadora e da Secretaria do Mestrado en Xestión e dirección laboral (Especialidade en Dirección laboral de empresas).
16. Aprobación, se procede, da solicitude da Comisión académica do Mestrado en Dereito de empresa de suspensión de impartición do dito Mestrado para o curso académico 2018/2019.

17. Valoración da autorización para a adquisición do retrato ao óleo sobre lenzo da profesora Ana María Pita Grandal.
18. Rolda aberta de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 10 de xullo de 2018.**

Apróbase por unanimidade.

**2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana sinala que os profesores Rafael Fernández Acevedo, Marta García Mosquera, M<sup>a</sup> Esther Pillado González e M<sup>a</sup> Dolores Ferrero Martínez desculpáron a súa ausencia.

A Decana informa que a profesora Rosa Rodríguez Martín-Retortillo está xa realizando actividades de apoio en relación co plan de acción tutorial e o plan de prácticas externas.

**3. Aprobación, se procede, do Modelo do Plan de acción tutorial anual para o curso académico 2018-20 19.**

A Decana cede a palabra ao vicedecano Alexandre Pazos quen sinala os principais cambios introducidos con respecto ao curso anterior.

A representante de alumnado Paula Rivera propón incorporar aos plans de acción tutorial unha acción de mentoría, que permita ao alumnado dos cursos superiores guiar aos novos estudantes. A profesora Carmen Ruiz manifesta o seu apoio a esta proposta.

Intervén a Decana lembrando que esta proposta xa foi contemplada e que se tentou activar, pero que non atopou apoio suficiente polo alumnado. Afirmo que segue sendo unha proposta deste Decanato e que se volverá a impulsar.

Apróbase por unanimidade.

**4. Aprobación, se procede, do Informes de accións de coordinación do curso académico 2017/2018 das seguintes titulacións:**

- **Grao en Dereito.**
- **Grao en Relacións laborais e recursos humanos.**
- **Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social**
- **Mestrado en Xestión e dirección Laboral.**
- **Mestrado en Avogacía de Pontevedra e Vigo.**

Intervén a profesora Carmen Ruiz para manifestar que o calendario de elaboración das guías docentes non foi idéntico nas Facultades de Vigo e Ourense.

O coordinador do Grao en Dereito, o profesor Pablo Fernández, afirma que é certo que se produciu unha diferenza nas datas do calendario de elaboración de guías docentes e que non ten ningún problema en reflectilo no informe.

A profesora Ana Pita expón a conveniencia de que se incorpore este feito ao informe para procesos de acreditación ante a Axencia de Avaliación. Ademais, consulta se a coordinación das guías de todas as materias foi plena.

O coordinador afirma que se fixo un esforzo importante en coordinar as guías e reitera que non ten ningún problema en reflectir no informe anual de coordinación as datas do calendario de elaboración de guías docentes.

A profesora Ana Pita realiza unha consulta achega do recoñecemento de materias. A Decana responde, pero lembra que hai que cingirse ao momento do orde día.

Apróbanse por unanimidade.

**5. Aprobación, se procede, dos Informes de Plan de Acción Titorial do curso académico 2017/2018 das seguintes titulacións:**

- **Mestrado en Xestión e dirección Laboral.**
- **Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.**
- **Mestrado en Avogacía de Pontevedra e Vigo.**

O profesor Luis Muleiro solicita que se incorporen os títulos de Mestrado ao programa de mentoría.

A profesora María José Bravo solicita ser profesora do Mestrado en Avogacía.

A Decana lembra que ambas as cuestións son alleas á orde do día.

Apróbanse por unanimidade.

**6. Aprobación, se procede, do Criterio de Asignación das Prácticas Externas Curriculares no Grao en Dereito e no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2017/2018.**

A Decana cede a palabra ao vicedecano Francisco Torres, quen explica o motivo deste punto da orde do día. Ao advertir diferenzas na prelación do alumnado por expediente académico se se utilizaba base 4 ou base 10, optouse por utilizar base 10.

Apróbase por unanimidade.

**7. Aprobación, se procede, do Plan Operativo de Información Pública da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.**

Apróbase por unanimidade.

**8. Aprobación, se procede, do Plan de Promoción do Centro do curso académico 2017/2018.**

A profesora Carmen Ruiz solicita información sobre as accións que se están levando a cabo e que están planificadas.

A Decana informa que se celebraron reunións sobre este Plan co Vicerreitorado.

Apróbase por unanimidade.

**9. Aprobación, se procede, do documento Política e Obxectivos de Calidade para o curso académico 2018-2019.**

A profesora Ana María Pita Grandal pregunta acerca da acreditación institucional, dado que non atopou mención aos seus requisitos no documento.

A Decana informa que cumprimos os requisitos e cede a palabra ao Vicedecano Alexandre Pazos quen explica cales son os requisitos.

A profesora Carmen Ruiz expón a conveniencia de incorporar como obxectivo de calidade a realización de plans de formación sobre mentoría para o alumnado.

O representante de alumnado Óscar Rodríguez solicita que este programa conte con recoñecemento para o alumnado que participe.

Apróbase por unanimidade.

**10. Aprobación, se procede, do calendario das probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros.**

Apróbase por unanimidade.

**11. Aprobación, se procede, dos temarios das probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros.**

Apróbanse por unanimidade.

**12. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral do curso académico 2018-2019.**

A Decana sinala que este punto débese a unha omisión na orde do día da sesión da Xunta de Facultade anterior, observado pola Coordinadora do título. A Decana advirte que as guías docentes foron elaboradas en prazo e enviadas pola Coordinadora.

Interveñen os profesores Carmen Ruiz e Luis Muleiro. Ambos coinciden en criticar que se expuxen aprobar esta cuestión durante o curso e que non se fixo antes.

A profesora Emma Rodríguez, coordinadora do título, insiste en que se trata dunha corrección por unha omisión, e lembra que as Facultades das Universidades de Santiago e A Coruña xa as aprobaron.

Apróbase por unanimidade.

**13.Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2018/2019.**

A Decana cede a palabra ao vicedecano Pablo Fernández, quen comunica que a profesora Mar Rodríguez advertiu que non pode ser membro de tribunais de TFG na nosa facultade debido a un cambio recente de POD.

O profesor José Carlos Orge pide aclaración sobre o criterio utilizado para conformar os tribunais. O vicedecano Pablo Fernández explica o proceso previsto na normativa.

A profesora Carmen Ruiz manifesta unha queixa por non recibir comunicación previa.

O profesor José Carlos Orge ofrécese voluntario para cubrir a vacante.

Apróbanse por unanimidade.

**14.Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2018/2019.**

A Decana cede a palabra ao vicedecano Pablo Fernández quen propón modificar a data da defensa de xullo ao día 18 dese mes.

Apróbase por unanimidade.

**15.Aprobación, se procede, dos nomeamentos da Coordinadora e da Secretaria do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral (Especialidade en Dirección Laboral de Empresas).**

Apróbanse por unanimidade os nomeamentos das profesoras Nora Martínez Yáñez e Rosa Rodríguez Martín-Retortillo como Coordinadora e Secretaria, respectivamente.

**16.Aprobación, se procede, da solicitude da Comisión académica do Mestrado en Dereito de empresa de suspensión de impartición do dito Mestrado para o curso académico 2018/2019.**

A Decana cede a palabra á coordinadora do Mestrado, Ana Pita, quen aclara que o motivo desta solicitude radica en que non houbo demanda de matrícula e recalca que a suspensión é só para este curso. Ademais, solicita apoio do Centro para as actividades de promoción.

A Decana manifesta que, do mesmo xeito que o resto de títulos, este Mestrado conta co pleno apoio do centro, pero lembra que non houbo esforzos desde a Coordinación para a actualización da súa páxina *web*.

O profesor Luis Muleiro, secretario do Mestrado, solicita que o Secretario do Centro envíe certificado deste acordo á Director da Área de posgrao. Quen subscribe esta acta comprométese a facelo. O profesor Luis Muleiro finaliza o seu intervención discrepando da afirmación da Decana acerca da non actualización da páxina *web*.

Apróbase por unanimidade.

### **17. Valoración da autorización para a adquisición do retrato ao óleo sobre lenzo da profesora Ana María Pita Grandal.**

A Decana explica os motivos deste punto da orde do día, que se debe a unha solicitude da Xerencia debido a irregularidades no procedemento de adquisición do retrato. A cuestión está pendente de resolución desde finais de maio deste ano. A Decana manifesta que a dirección do centro non realizou o encargo. Sinala que o seu custo, superior aos 6.000 euros, está moi por encima do pago polos retratos dos anteriores Decanos.

A solicitude da profesora Ana Pita, o vicedecano Francisco Torres sinala que o retrato do profesor Javier Remesal adquiriuse por 2.000 euros o 14 de xuño de 2006, e, o do profesor Fernando Merino por 2550 euros, o 7 de decembro de 2011.

A profesora Ana Pita critica tanto a inclusión deste punto como a súa redacción, dado que a súa adquisición débese a que foi Decana desta Facultade. Afirmar que non tivo noticias sobre esta cuestión desde o 5 de maio do presente. Manifesta que foi ela quen recibiu o cadro ao ser a persoa retratada, feito que considerou lóxico dado que é ela quen debe manifestar a súa conformidade coa obra.

A profesora tamén afirma que a Decana lle insistiu no retrato en tres ocasións e que este costume non foi instaurada por ela, senón que continúa a tradición da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela e que foi adoptada pola Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. Sinala que os decanos anteriores sempre autorizaron o pago deste concepto. Afirmar que informou á Decana sobre o orzamento de 6.000 euros, do mesmo xeito que ao vicedecano de asuntos económicos. Insiste en que tanto o vicedecano como a Decana estaban ao tanto do procedemento. Finaliza a súa intervención lembrando que esta materia nunca foi abordada nunha reunión da Xunta de Facultade e a continuación abandona o Salón de Graos.

Intervén o representante de alumnado Daniel Durán incidindo no elevado custo do retrato.



Pola súa banda, a profesora María José Bravo insiste en que non é costume que se aborde esta cuestión nunha sesión da Xunta de Facultade e crítica que se fixo ao consideralo un acto demagóxico. Abandona o Salón de graos.

A continuación intervén o vicedecano Francisco Torres. Aclara que o motivo de expor este punto foi a solicitude de Xerencia dun informe por parte do Centro dada a natureza dese gasto. Sinala que se pediu sucesivas aclaracións a Xerencia, e que tras a súa reposta celebrouse unha reunión co Vicexerente, quen solicitou informe do centro.

A Decana reafirma o testemuño do vicedecano Francisco Torres.

O representante de alumnado Daniel Fernández subliña que o importe é equivalente a 8 meses de salario mínimo interprofesional, que considera que expor este asunto en Xunta de Facultade é o máis democrático e insta a unha reflexión sobre os gastos da Facultade en xeral.

A representante de alumnado Paula Rivera considera que é un gasto obsceno, especialmente tendo en conta as carencias de persoal docente na Universidade.

O representante de alumnado Koldo Martín expón a conveniencia de regular a adquisición de futuros retratos de Decanos/ as.

A profesora Carmen Ruiz solicita que conste en acta que require á dirección do centro a que incorpore ás ordes do día das reunións da Xunta de Facultade as autorizacións do orzamento.

O profesor Luis Muleiro afirma que este punto da orde do día non lle parece oportuno e é innecesario debido a que non queda claro cal é a cuestión para valorar.

A Decana aclara que este informe débese á natureza do gasto, a súa contía e quen fixo a contratación.

A profesora Carmen Ruiz require que se solicite unha aclaración ao Administrador e ao Xerente. Na mesma cuestión insisten as profesoras Patricia Valcárcel e Helena Martínez.

A Decana agradece as opinións e participación de todos nesta valoración e decide reservar as súas aclaracións sobre as afirmacións das profesoras Ana Pita e María José Bravo ao non estar presentes.

### **18.Rolda aberta de intervencións.**

O profesor Ángel Mariño solicita que se adopten medidas para evitar a captación de imaxes e son por parte do alumnado durante as clases e a súa distribución. Considera que ante o uso incorrecto dos teléfonos móbiles é conveniente a instalación de inhibidores.

A representante de alumnado Paula Rivera afirma que é unha cuestión que se está abordando na elaboración do regulamento disciplinario da Universidade.

Finaliza a sesión ás 15.05, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán